



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO NÚM. 10 DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 27 DE OUTUBRO DE 2022

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

D^a María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D^a María del Carmen González García (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D^a Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D^a María Xosé Alfonso Torres (Non adscrita)

D. José Manuel Quintela Fernández (Non adscrito)

D^a María Sambade Lloréns (Non adscrita)

D^a María Lago Lestón (BNG)

D^a Maruxa Martínez Romaní (BNG)

Non asiste pero xustifica a súa ausencia, D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

SECRETARÍA XERAL

D. José Manuel Mayo Priegue

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, o secretario accidental do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

A. Parte dispositiva

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Primeiro. Aprobación da acta anterior núm. 9 do pleno ordinario do 29 de setembro de 2022

A señora alcaldesa, D^a María Inés Monteagudo Romero, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto da acta anterior núm. 9 do pleno ordinario do 29 de setembro de 2022 que se presenta para que o Pleno a aprobe, e non habendo observacións, apróbase a acta anterior núm. 9 do pleno ordinario do 29 de setembro de 2022 cos votos a favor do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal popular (3), dos concelleiros non adscritos (2) e do grupo municipal do BNG (2) e coa abstención da concelleira non adscrita, D^a Alfonso Torres (1).

Segundo. Incorporación ao inventario de bens municipal do Concello de Muros de dous refuxios para a espera de autobuses no Camiño Real e na rúa Freixeiros

A señora alcaldesa sinala que a proposta vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa e que é do seguinte literal:

“Vista as actas remitidas o 22 de setembro de 2022 pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade polas que se formaliza a cesión en propiedade ao Concello de Muros de dous refuxios para espera de autobuses no Camiño Real e no colexio de Esteiro na rúa Freixeiros esta Alcaldía eleva ao Pleno da corporación e ao estudo previo por parte da comisión informativa a adopción do seguinte acordo:

ACORDO:

PRIMEIRO. Proceder á incorporación da finca ao inventario de bens de titularidade municipal dun refuxio de espera de autobuses no Camiño Real, coordenadas 42.790151 - 9.062743 e dun refuxio de espera de autobuses no colexio de Esteiro (rúa Freixeiros), coordenadas 42°47'18.00"N 8°58'55.60"W.

SEGUNDO. Facultar á alcaldesa para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

Non hai intervencións.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (3), do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (3) e do grupo municipal do BNG (2), adopta por unanimidade o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Proceder á incorporación da finca ao inventario de bens de titularidade municipal dun refuxio de espera de autobuses no Camiño Real, coordenadas 42.790151 - 9.062743 e dun refuxio de espera de autobuses no colexio de Esteiro (rúa Freixeiros), coordenadas 42°47'18.00"N 8°58'55.60"W.

SEGUNDO. Facultar á alcaldesa para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

B. Mocións de urxencia

Terceiro. Proposta de prórroga da concesión da ocupación da contorna do muíño de mareas do Pozo do Cachón

A señora alcaldesa sinala que teñen unha moción por urxencia e explica que a urxencia vén motivada porque dan un prazo de dez días para resolvela e non dou tempo a presentala á comisión informativa e dá paso ás intervencións sobre a urxencia.

A Sra. Lago sinala que lle parece moita documentación como para vela en cinco minutos e pregunta se podería ir ao pleno de novembro.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A señora alcaldesa di que se ten que aprobar neste pleno xa que dan 10 días e que pode explicala e dar un receso para que consulten todo a documentación e así poder tratar a proposta.

A Sra. González pregunta se ten que ser o Pleno quen decida e cando chegou.

A señora alcaldesa di que si e que chegou a notificación cando non estaba Manuel.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (3), do grupo municipal socialista (4) e dos concelleiros non adscritos (3) e coa abstención do grupo municipal do BNG (2), queda aproba a urxencia da moción.

A moción é do é do seguinte literal:

“O día 5 de febreiro de 2021 solicitouse ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o reto Demográfico a prórroga para a concesión das ocupacións do dominio público marítimo-terrestre con destino a rehabilitación de naves e pasarela no muiño de mareas do Pozo do Cachón e axardinamento da contorna na parroquia de Serres, no termo municipal de Muros outorgadas pola Orde Ministerial do 28 de outubro de 1991 e por Orde Ministerial do 17 de xaneiro de 1991, respectivamente e por un prazo de 30 anos.

O día 26 de xaneiro de 2022 contestouse a un requirimento de subsanación da solicitude de prórroga, indicando que as instalacións continuarían sendo destinadas a servizos urbanos, actividades sociais ou comunitarias e dotacionais, dándose así por completada a documentación.

Por Resolución da Dirección Xeral do 21 de setembro de 2022 son sometidas a aceptación do concello de Muros as condicións e prescricións baixo as que se podería outorgar a prórroga da concesión outorgada por Orde Ministerial do 17 de xaneiro de 1991 para a ocupación de dez mil trescentos dez (10.310) metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre con destino ao axardinamento da contorna do muiño de mareas do Pozo do Cachón, na parroquia de Serres, Muros.

Por Resolución da Dirección Xeral do 21 de setembro de 2022 son sometidas a aceptación do concello de Muros as condicións e prescricións baixo as que se podería outorgar a prórroga da concesión outorgada por Orde Ministerial do 28 de outubro de 1991 para a ocupación de dominio público marítimo-terrestre con destino ao muiño de Mareas do Pozo do Cachón, presa e pasarelas na parroquia de Serres, Muros

En base a todo anterior, propono ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. A aceptación das condicións e prescricións establecidas por Resolución da Dirección Xeral do 21 de setembro de 2022 en relación á solicitude de prórroga da concesión outorgada pola Orde Ministerial do 17 de xaneiro de 1991 para a ocupación de dez mil trescentos dez (10.310) metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre con destino ao axardinamento da contorna do muiño de mareas do Pozo do Cachón, na parroquia de Serres, Muros.

SEGUNDO. A aceptación das condicións e prescricións establecidas por Resolución da Dirección Xeral do 21 de setembro de 2022 en relación á solicitude de prórroga da concesión outorgada pola Orde Ministerial do 28 de outubro de 1991 para a ocupación de dominio público marítimo-terrestre con destino ao muiño de Mareas do Pozo do Cachón, presa e pasarelas na parroquia de Serres, Muros.”

A alcaldesa explica que a nova concesión implica algúns cambios con respecto á anterior e dan un prazo de concesión de ata o 31 de xullo de 2037, que se pode prorrogar por 15 anos máis, e está exenta de canon, e se se establece unha explotación lucrativa habería que solicitar autorización de Costas, con respecto ao ao edificio. En canto a zona de axardinamento, piden eliminar o uso de aparcamento e que se deberá presentar un proxecto de axardinamento e sinala que o que traen ao pleno é a aceptación destas condicións.

A Sra. González di que lle parece moi precipitado e sinala que se se pode pedir unha prórroga para poder estudar porque ademais alí hai aparcamentos e terreos de propiedades privadas e non saben se lles vai



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

afectar ou non, e non hai documentación suficiente para asegurar onde chega a zona de axardinamento, polo que non van votar a favor da proposta.

A señora alcaldesa di que o espazo é o mesmo, só que houbo cambio de normativa e que é unha prórroga e non unha concesión nova.

A Sra. Alfonso di que lle parece moi importante como para votala ás présas e que necesitan tempo para poder estudalo e que se puido mandar coa documentación do pleno, e pregunta cando remata o prazo.

A señora alcaldesa di que non ten problema en solicitar unha prórroga pero que sexan todos e todas conscientes de que é un requirimento e que dan un prazo para facelo e que pode caducar o expediente.

A Sra. Sambade di que é votar a cegas e que se perda a zona de aparcamento vai crear moito malestar.

A señora alcaldesa sinala que o determina Costas na concesión.

A Sra. González pregunta se se pode ver o rexistro de entrada para saber cando entrou.

A señora alcaldesa di que pode intentar ampliar a prórroga e que se tería que celebrar outro pleno.

A Sra. Lago tamén di que queren que pida unha prórroga para poder votar en consecuencia.

A Sra. González di que non poden deixar sen acceso os garaxes que dan para esa zona.

A señora alcaldesa di que que no proxecto de axardinamento que hai que mandarlle a Costas deixarán acceso ás vivendas, e sinala que poden aceptar as condicións respecto ao edificio e non aceptalas respecto ao axardinamento ou pedir prórroga da zona de xardín e indica que se non aceptan as condicións da superficie seguramente Costas pechará o acceso e que cada vez que o Concello queira facer algo nesa zona sempre vai haber que pedirle autorización e que o máis prudente sería aceptalo e se non se está conforme, renunciar á concesión.

A Sra. González propón renovar a concesión do muíño e da pasarela exclusivamente.

A Sra. Lago sinala que pidan unha prórroga para poder votar en consecuencia e condiciona o seu voto se dentro do proxecto de axardinamento establecen un pequeno parque infantil.

A Sra. Alfonso di que ela vaise abster.

A Sra. González di que eles tamén se van abster.

A señora alcaldesa dá paso á votación co compromiso de levar o proxecto de axardinamento no seguinte pleno.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (3), do grupo do BNG (2) e dos concelleiros non adscritos, D^a Sambade Lloréns e D. Quintela Fernández (2) e coa abstención do grupo municipal socialista (4) e a concelleira non adscrita D^a Alfonso Torres (1), adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. A aceptación das condicións e prescricións establecidas por Resolución da Dirección Xeral do 21 de setembro de 2022 en relación á solicitude de prórroga da concesión outorgada pola Orde Ministerial do 17 de xaneiro de 1991 para a ocupación de dez mil trescentos dez (10.310) metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre con destino ao axardinamento da contorna do muíño de mareas do Pozo do Cachón, na parroquia de Serres, Muros.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

SEGUNDO. A aceptación das condicións e prescricións establecidas por Resolución da Dirección Xeral do 21 de setembro de 2022 en relación á solicitude de prórroga da concesión outorgada pola Orde Ministerial do 28 de outubro de 1991 para a ocupación de dominio público marítimo-terrestre con destino ao muíño de Mareas do Pozo do Cachón, presa e pasarelas na parroquia de Serres, Muros.

C. Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno

Cuarto. a) Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 1016/2022 do 1 de setembro de 2022 ata o núm. 1130/2022 do 30 de setembro de 2022, das XGL núm. 21 do 16 de setembro de 2022 e da núm. 22 do 30 de setembro de 2022 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

Quinto. Rogos e preguntas

A señora alcaldesa di que lle quedou unha pregunta sen contestar formulada pola portavoz do PSOE sobre unha factura de 650 euros de publicidade das Carrilanas nun xornal impreso que se chama *Crónica do Barbanza*.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal PSOE:

A Sra. González pregunta polo vertido que hai en Valdexería, e a señora alcaldesa contesta que é un problema de saturación no bombeo que cando cae unha tromba de auga fai unha especie de circuíto pechado e parece que pode ter unha solución.

A Sra. González di que a Xunta de Galicia nunca botou unha man ao Concello de Muros no referente aos vertidos, só foron sancións continuamente, e pregunta se hai algunha axuda para esta situación, e a señora alcaldesa di que no caso de Esteiro a obra da Ribeira do Maio fíxoas Augas de Galicia.

A Sra. González di que no decreto 1051 e 1052 non hai copia do gasto, e a señora alcaldesa di que o vai comprobar.

A Sra. González roga que se limpe os camiños de todo o concello e as pedras do conxunto histórico de Muros, e señora di que hai pouco persoal na brigada de Obras.

A Sra. González pregunta se solicitou axudas para a humanización dos cascos das vilas, e a señora alcaldesa di que si se solicitou para o Carme e están a espera de que se resolva.

A Sra. González pregunta se se fixo algo con respecto á peatonalización da rúa de arriba, ao que a señora alcaldesa contesta que non.

A Sra. González pregunta que se fixo dende o Concello no referente á veciñanza de Esteiro que ten problemas con Costas, e a señora alcaldesa responde que fixeron unha xestión na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. E a Sra. González di que hai un informe favorable que se trouxera a Pleno e a señora alcaldesa di que ese informe xa o ten Ministerio.

A Sra. González di que a escola da Estrada sacou prazas para formar a policías locais e pregunta se dende o Concello se mandou alguén, e a señora alcaldesa responde que se mandan todas as convocatorias de formación a todo o persoal porque é importante actualizar coñecementos.

A Sra. González pregunta se se fixo algún pago máis no referente a atrasos, a señora alcaldesa di que está todo pagado.

A Sra. González sinala que viu na prensa que se asinou o convenio coa Deputación para facer o parque, polo que queren darlle as grazas ao presidente da Deputación da Coruña polo compromiso co concello de Muros.

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal BNG:

A Sra. Lago pregunta por que motivo non houbo xuntas de goberno ordinarias no mes de setembro, e a señora alcaldesa responde que foi porque o secretario colleu vacacións.

A Sra. Lago pregunta en que situación se atopa a cesión do terreo lindante á escola de Tal, e a señora alcaldesa di que están a espera.

A Sra. Lago di que o canellón da Rutela, entre o edificio Portals e a Nic Bahía, se atopa nun estado lamentable, polo que rogan que se arranxe para darlle uso, e da mesma xeito, as rúas de Muros e as beirarrúas de todo o concello están todas cheas de verde e supoñen un risco e rogan que se limpen.

A Sra. Lago pregunta se vai rematar a obra de Portugalete, e que se fixo co pozo que alí había polo que sae auga, e a señora alcaldesa di que o pozo estaba seco e que se cegou, e que si lle dixeron que saía unha pouca auga e que falta por poñer a iluminación pública e levantar os sumidoiros.

A Sra. Martínez di que xa pediron que se atenderan as dúas entradas da Insuela en Esteiro, polo que roga polo menos que arranxen unha.

O secretario accidental

Documento asinado electronicamente.